a movida

AXENDA CULTURAL DE VIGO
DE BALDE – VERÁN DE 2022
LÉVAME! VOU CONTIGO

A CIDADE É UNHA FESTA

UN VERÁN DE CONCERTOS

BARBEIRA SEASON FEST

O gran festival de pequeno formato - do 31 de agosto ao 4 de setembro

LEÓN BENAVENTE

DEPEDRO
Concerto Vibra Mahou

ZAHARA

CAROLINA DURANTE

BALA

LA HABITACIÓN ROJA

CAPICUA

MAIKA MAKOVSKI

TRIÁNGULO DE AMOR BIZARRO

ETERNA JOVENTUT
ANABEL LEE
EMILIA PARDO Y BAZÁN
CORA YAKO
MORREO
DIAMANTE NEGRO
ESTRELLA FUGAZ
MINIÑO
TU PELEAS COMO UNA VACA
MARTA MOVIDAS
SR. JINGLES
HABITACIÓN VUDÚ
EME DJ
DJ MODERNO
SEÑORA DJ

5€ DE DESCONTO
NO TEU ABONO UTILIZANDO
O CÓDIGO **AMOVIDA**

Organiza:

Patrocinadores institucionais:
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 21-22
BAIONA

Patrocinadores privados:
VIBRA Mahou

Colaboradores:
Clúster ATLÁNTICA
FONTECELTA

Venda de entradas:
wegow
Ataquilla.com

SEASONFEST.ES

NAVEGA POLA REVISTA INTERACTIVA



SUMARIO

Cada elemento do sumario leva á súa páxina correspondente.





BOTÓNS

Localizados nos bordos das páxinas, preme os botóns para ampliar a información, comprar entradas, ver contido audiovisual, volver ao sumario...



ZONAS INTERACTIVAS

Navega polas páxinas na procura das zonas interactivas (fotografías, biografías dos colaboradores, páxinas web, iconas de redes sociais, logotipos...).



BARRA SUPERIOR

Sempre vas poder volver ao inicio dun contido de varias páxinas premendo na barra superior.



LIGAZÓNS

Para máis información, preme nas ligazóns dos termos subliñados en vermello.

SUMARIO

Foto de portada: Pablo Vázquez

PÁX. 7 PABLO NOVOA

PÁX. 16 A NOSA HISTORIA, A 33RPM

PÁX. 19 OS FESTIVAIS DE VOLTA

PÁX. 23 UN VERÁN DE CONCERTOS

PÁX. 27 CALIDADE DE AUTOR

PÁX. 5 EDITORIAL

PÁX. 6 OLLO AO DATO

PÁX. 11 VERÁN AZUL

PÁX. 13 VIGO, CIDADE DE COR: AMAIA ARRAZOLA

PÁX. 15 VOLÁTIL

PÁX. 25 LOCAIS RECOMENDADOS

PÁX. 29 MUDAR A PEL

PÁX. 31 O HOME DETRÁS DA PLACA

PÁX. 32 MÚSICA AO VIVO

PÁX. 33 UN ESTÍO DIFERENTE

PÁX. 35 OUTRAS MOVIDAS

PÁX. 37 DELEITE LITERARIO

PÁX. 38 RACHAR COA RUTINA?

PÁX. 39 A MOVIDIÑA + AXENDA

PÁX. 40 DESDE O REFUXIO

PÁX. 43 DANI: A IDADE DA INOCENCIA

PÁX. 44 AS TÚAS MOVIDAS

Se queres recibir a revista na casa, subscríbete na web: amovida.gal/subscricion-revista

Revista A Movida | Volume 5 (6), verán de 2022

Edición: Tamara Novoa | **Redacción:** Paula Cermeño, Tensi Gesteira, Estela Gómez, Ernesto Is, Xurxo Martínez González, Juan Teixeira, Lourdes Tomé, Pablo Vázquez Varela | **Fotografía:** Felipe Carnoto, Paula Cermeño, Alba Sotelo Leal, Juan Teixeira, Pablo Vázquez | **Deseño e maquetaxe:** Rubén González | **Deseño web:** Beatriz Barros | **Mercadotecnia:** Tatiana Rodríguez e Lourdes Tomé | **Revisión de textos:** Uxío Couto

Edita: A Movida Cultural S.L.

Impreso por Imprenta Feito S.L. | Depósito legal: VG 741-2018 | Exemplar gratuíto. Prohibida a súa venda

@amovidavigo | amovida.gal

A Movida non se responsabiliza das opinións expresadas nos contidos desta revista, nin de calquera mudanza nos eventos que nas sucesivas páxinas se anuncian.

EDITORIAL

A pesar de tanta disputa institucional, por fin temos ante nós ese verán cheo de concertos que tanto tempo levabamos esperando. Unha amálgama de artistas de diferentes lugares e estilos e entre os que atopamos proxectos de alta calidade que espertan o fervor do público. Grandes nomes enchen os carteis de concertos individuais, festivais, festas e verbenas. Algúns debutan na nosa terra e outros veñen de volta, pero agardamos que todos supoñan un éxito. Esperemos que os acordes poidan cos desacordos e, sobre todo, **QUE A MÚSICA NON PARE!**

HAI UN BO MOTIVO para pasear desde o primeiro de xullo pola rúa do Príncipe, e non falamos das rebaixas; senón que a rúa peonil máis emblemática da cidade acolle unha nova edición da Feira do Libro, do venres 1 ao xoves 7. Contacontos, encontros con escritores, presentacións e sinaturas. Na caseta da Biblioteca Xosé Neira Vilas réndenlle homenaxe ao finado **Domingo Villar** cunha ruta polo Vigo do escritor, unha lectura de textos seus e mesmo unha quiniela sobre o inspector Leo Caldas.

EFEMÉRIDE

O 17 e 18 de xullo de 1992 o Estadio de Balaídos acolleu o Festival Afroamérica que reuniu un cartel co nivel de **B.B. King, Tracy Chapman, Celia Cruz** con **Tito Puente, Gilberto Gil** ou **Ketama** cos **Latin AllStars.** A pesar da calidade dos concertos, este canto á negritude non obtivo a repercusión que se esperaba e, lamentablemente, non se volveu celebrar.

Foto: Tom Beetz

OS VIÑOS DO PAÍS son os protagonistas de Entreviños, evento que o espazo MUTA (Joaquín Loriga, 9) organiza durante na fin de semana do 16 e o 17 de xullo. Un encontro no que participan diferentes adegas para dar a coñecer o valor do produto galego.

O GALEGO REFÓRZASE grazas a iniciativas como *No verán... un conto,* programa do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo que, desde o venres 8 de xullo ata finais de agosto, espalla por diferentes barrios do municipio actividades lúdicas e educativas como concertos, contacontos, regueifas e xincanas.

Músico

Pablo Novoa

«O REGUETÓN ACABARÁ POR DIGNIFICARSE»

TEXTO: TAMARA NOVOA FOTOS: ALBA SOTELO

COÑECÉMOLO NOS OITENTA *con* ***Golpes Bajos*** *e vímolo anos despois formando parte de* ***La Marabunta.*** *Músico instrumentista, produtor, director musical do* Xabarín Club *(TVG)...* ***Pablo Novoa Cid*** *(Vigo, 1961) é un dos músicos máis salientables da historia da nosa música que se soubo manter en activo durante todo este tempo. Despois de seis anos como guitarrista e director artístico da banda de* Late Motiv *(Movistar+), de* ***Andreu Buenafuente,*** *encara novos proxectos. O talento e a humildade son ingredientes dun éxito ben merecido.*

Seica empezaches a tocar sendo un neno, coa guitarra de teu irmán máis vello...
Empecei medio de broma. Meu irmán ten dez anos máis ca min e el xa andaba metido no da música. Eu tiña unha guitarra eléctrica de xoguete que me trouxeran os Reis Magos e el ensinoume os primeiros acordes na guitarra española; sen darme de conta, cheguei aos 13 anos sabendo tocar bastantes cancións dos **Beatles** e dos **Rolling Stones.**

Como músico que formou parte da denominada Movida viguesa, que pensas que se deu para toda aquela explosión dos oitenta?
Hai moitos ingredientes. Un deles foi o azar, pero tamén aconteceron cousas que podemos pensar que tiveron que ver. Unha foi o fin da ditadura e a chegada da democracia a España. A finais dos setenta chegou de Inglaterra o *punk,* e rapaces de todo o estado identificáronse con aquel sentir crítico coa sociedade. En Vigo, ademais, estabamos sufrindo unha crise terrible coa reconversión do sector naval. Por outra banda, como cidade portuaria, recibimos moita información musical de América, e en Galicia había moitísimas orquestras, moita xente que sabía tocar un instrumento, aínda que non existisen escolas de música. Todos eses ingredientes provocaron que en Vigo se dese un estalido moi significativo na música.

No 83 entras a formar parte da banda Golpes Bajos, que axiña acadou grande éxito. Como foi todo aquilo?
Teo Cardalda e mais eu acompañabamos nos escenarios a **Bibiano Morón,** un cantautor moi ligado ao Partido Comunista. Pola relación con Teo, coñecín a **Germán**

«Un non sobe a un escenario se non ten certo ego»

Coppini; eles xa empezaran coa banda e vían que a base musical que tiñan estaba gustando. E empecei a tocar con eles. Quedamos moi sorprendidos, pois logo de enviarmos tres ou catro maquetas a Madrid, empezaron a dicir que eramos un grupo moi interesante, que era moi fresco. Enseguida nos chamaron do selo Nuevos Medios para gravar un disco e saímos en *La edad de oro* (TVE). Ese verán aínda foi algo tranquilo, pero a partir do outono a cousa acelerouse moitísimo. En poucos meses pasamos a ser unha das bandas que encabezaban os carteis de toda a Movida.

E con todo ese éxito, como é que o percorrido do cuarteto foi tan curto?

Gozamos daquela situación, de ver que a xente dixese que tiñamos un proxecto moi orixinal e que tocabamos moi ben. Pero a industria móvese a moita velocidade e pedíannos facer outro LP, vídeos, ir dun lugar a outro… Penso que nos sentimos un pouco espremidos. Estabamos exhaustos e axiña empezaron os roces. Teo e Germán decidiron que cada un podía facer cousas pola súa conta, o grupo morreu co convencemento de que cada un deles podía levar a cabo un proxecto diferente e así foi, pero penso que faltou a riqueza musical o equilibrio que tiña o cuarteto.

«Penso que faltou o equilibrio que tiña Golpes Bajos cando nos separamos»

Cardalda e Coppini volvéronse reunir en 1998 como Golpes Bajos, pero non contaron contigo nin con Luis...

Penso que na carreira por separado foille mellor a Teo que a Germán, quizais porque non atopou outra persoa coa que entenderse tan ben, talvez o botase en falta… Daquela a industria apostaba moito pola reunión de vellos grupos e penso que o intentaron con eles. Pero nin a Luis García nin a min nos pareceu ético que empregasen o nome sen consultarnos e enfadámonos. Logo, co paso do tempo, a cousa foise recuperando. De feito, antes de que tristemente morrese, eu tiña un proxecto con Germán que consistía en recuperar certas cousas de Golpes Bajos para facer unha versión moi contemporánea dalgunhas pezas.

Traballaches con artistas tan diversos como Josele Santiago, Julieta Venegas, Ketama, Los Ronaldos, Nacho Mastretta... Considéraste versátil?

Gústame toda a música. Sempre levei a humildade como actitude ante o traballo, pero sendo moi ambicioso. É dicir, querer facer música moi boa e poder chegar a emocionar a quen me escoite como me pasou a min cos grandes, pero saber que tes moito que aprender. Para iso, a mellor ferramenta son os compañeiros e as diferentes músicas que existen. Tiven a sorte de estar en proxectos moi diferentes. Tanto me ten tocar o piano con **Iván Ferreiro** que unha peza de *jazz* á guitarra con **Jerry González**.

Estando en tantos proxectos grandes, como é que nunca estiveches á fronte?

Todo o mundo ten o seu ego, e penso que iso é importante neste negocio. Un non sobe a un escenario se non o ten. Con 18 ou 20 anos pensas que ser o líder e captar a atención da xente é moi chulo, pero co tempo decátaste de cal é o papel que che corresponde. O ego está cuberto cando fas as cousas ben e tes o apoio dos compañeiros.

Non foi ata o ano 2003 cando vimos un traballo teu en solitario, *Novoa cruza el*

***Atlántico.* E por que non antes?**
A min gústame andar metido en proxectos e se algo me parece interesante, métome aí. Non teño ningunha présa por sacar proxectos propios, vounos facendo simplemente por pracer. Saquei ese disco e fixen unha serie de concertos, pero xa se sabe que a música instrumental non é algo *mainstream.* Logo ocorréuseme buscar outro guitarrista e cheguei a **Nono García,** con quen publiquei *Radio pesquera* no 2014. Agora ando ás voltas co meu terceiro disco. Vivindo en Madrid, souben de que a partir das seis da tarde a entrada ao Museo do Prado é gratuíta, entón empecei a ir para ver cadros no tempo libre. A música instrumental é moi abstracta, pero se a concretas cunha imaxe axúdache a levala ao rego; tiven unha revelación con algún destes cadros.

No 2018 traballas con Iván Ferreiro no álbum tributo a Golpes Bajos, Cena recalantada. Como é autohomenaxearse?
Ese é o disco máis difícil do mundo. Para min o importante era manter a esencia do grupo, pero tampouco podíamos deixar todo completamente igual, pero cantado por Iván, porque iso sería un capricho sen percorrido artístico. Había cousas que non debiamos tocar por respecto á memoria do grupo, pero tiñamos que darlle certa contemporaneidade para outorgar un valor. O máis difícil foi equilibrar todo iso: decidir que facer e que non.

Que pensas que opinaría Germán Coppini?
Coñecendo a Germán, penso que el diría que o disco quedou moi bonito, pero que eu fun un pouco cagón ao non arriscar máis.

Que é o que máis te chama a atención do que se está a facer na música de hoxe?
Pertenzo a unha xeración de músicos que é moi crítica co reguetón pero eu non estou de acordo. Hai moito reguetón que non me interesa e que me parece simple, pero como outras músicas de raíz, naceu en barrios pobres e aldeas. Co tempo, esas cousas acábanse dignificando, porque os músicos asúmenas como propias. Pasou con outros xéneros coma o *blues* ou a rumba. Hoxe en día hai propostas moi interesantes, como **Tremanda Jauría,** con esa mestura de reguetón, cumbia e electrónica. Outro campo que me interesa é a tendencia da música tradicional combinada, con moitísimo respecto e coñecemento, con novas músicas, coa tecnoloxía, con sintetizadores, caixas de ritmos… **Tanxugueiras** fixéronse famosas por Eurovisión, pero ese valor xa estaba aí antes. Tamén no que fai **Baiuca.** E **Rosalía** no disco anterior. O flamenco do **Niño de Elche.** Ou no que fan **Café Tacva** e **Natalia Lafourcade** desde México.

FELIPE CARNOTTO
Fotógrafo documental

VERÁN AZUL

É no verán cando volvemos á infancia, gozando do sol e do mar.

TERRA CEO FEST.

VIGO · 2022

DIGITALISM DJ SET + MWËSLEE · HENS
TABURETE · LADILLA RUSA · XISCO FEIJOÓ
A BANDA DA LOBA · ÁNGEL STANICH
SOLEÁ MORENTE · BERTO + FAMILIA CAAMAGNO
LA ZOWI · LILA DOWNS + SÉS
ORTIGA + GRANDE AMORE · ANNI B SWEET
SALVADOR SOBRAL + ABE RÁBADE
DELAFÉ Y LAS FLORES AZULES
DANI · CARLA LOURDES · MARIASOA
LAW · FILLAS DE CASSANDRA
MÁIS ARTISTAS POR CONFIRMAR

CONCELLO DE VIGO

entradas en: teuticket www.teuticket.com

WWW.AUDITORIOMARDEVIGO.COM

O MURAL SITÚASE NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CARBALLAL.



JUAN TEIXEIRA
Fotógrafo documental e xestor cultural

VIGO, CIDADE DE COR: Amaia Arrazola

O nome da artista da que falamos desta volta xa é ben coñecido nun dos barrios máis bonitos da parroquia de Cabral: O Carballal. O pavillón polideportivo é lugar concreto onde se sitúa a obra, na que a autora xoga con personaxes, cores e coa propia arquitectura do edificio, que se pode ver desde a autoestrada AP-9. **AMAIA ARRAZOLA** naceu en Vitoria e, tras estudar Publicidade en Madrid, comeza a traballar dentro do ámbito creativo; primeiro como directora de arte e despois como ilustradora editorial e publicitaria, onde atopa un estilo propio que posteriormente aplicaría ao gran formato dos murais. Neste caso, a artista inspirouse ademais na cerámica vangardista de **Isaac Díaz Pardo,** en concreto, na emblemática serie de máscaras de entroido de Sargadelos. Para desfrutar da obra máis que cunha simple vista desde a autoestrada, paga a pena achegarse a este precioso recuncho da cidade.

ERNESTO IS
Escritor

Volátil, Constance Hurlé e Paulo Maestro

O último domingo de cada mes, a artista viguesa **Constance Hurlé** dinamiza unhas *jam sessions* poéticas na Sala Kominsky, con artistas de toda Galicia. A medio camiño entre o teatral e o lírico, estas sesións contan cunha *apertura* por parte dun poeta convidado, seguida dun *micro aberto* onde as persoas asistentes poden subir ao escenario para ler textos propios, improvisar e xogar coas palabras. Este 31 de xullo, o poeta cariñés **Paulo Maestro** e a propia Hurlé, presentan o espectáculo de poesía escénica *Volátil;* unha proposta híbrida en que *performance,* poesía e música camiñan da man. Desde a organización avísannos: «Desfrutaredes da conexión entre dous amigos que viven por e para a arte. Constance Hurlé e Paulo Maestro levan as conciencias a gozar dun intre que, aínda que sexa efémero, perdurará na memoria». A base das metáforas, aliteracións e hipérboles a resoar entre as paredes da sala; acompañadas, por suposto, dunha copa. É cousa segura que este plan resulta refrescante no verán vigués. Como din no número tres da rúa dos Irmandiños: «pode haber baile, charla, concerto, kombucha, recital, terraza, vermú, whisky… pero sempre estamos».

↓

Data e hora: domingo 31 de xullo, ás 21:00 h.
Lugar: Sala Kominsky (rúa dos Irmandiños, 3).

Foto: Aldo Paolo

A nosa historia, a 33 RPM

TEXTO: PABLO VÁZQUEZ

DISQUE O QUE NON QUEDA por escrito tende a acabar no caixón do esquecemento. Seica os autores máis melómanos tomaron boa nota diso, pois estamos a vivir unha crecente produción de estudos sobre a nosa música. Acordes e letras xuntos da man.

A través da bibliografía podemos trazar, con algúns cortes, unha liña que retrata a biografía musical da nosa cidade desde finais dos anos 50 ata a actualidade. **Fernando Ferreira Priegue** publicaba *Crónicas de un Vigo Ye-yé. Historia de los conjuntos músico-vocales vigueses y de su entorno,* 1958-1975 (IEV, 2008), un repaso concienciudo á influencia musical británica naquelas décadas de cambio e descubrimento. Tres anos despois, **Emilio Alonso** foi o encargado de deixar por escrito a máis ampla crónica da Movida: *Vigo a 80 revolucións por minuto* (Xerais, 2011). **Denis Carballás** e mais un servidor acabamos de publicar a obra ilustrada *Son da cidade* (Galaxia, 2022), que abrangue as últimas dúas décadas da música local. Xa que logo, existe un gran baleiro editorial nos que atinxe aos pasados anos 90. En realidade existe un traballo, pero fica inédito: unha obra de **Susana Rodríguez Barcia** e **Rubén Suárez** que leva por título *Después de la Movida. La música pop y rock en Pontevedra entre 1990 y 2007,* que viría a facer de ponte entre o retrato do pasado e a esperanza do presente.

Coñecido por asinar novelas negras, o vigués **Pedro Feijoo** escribiu *¡Viva o fu remol!* (Xerais, 2005), un ensaio en clave de comedia sobre a música popular galega. Por fortuna, esta febre de melomanía editorial esténdese por todo o país. Non hai moito que o músico e investigador compostelán **Alfonso Espiño** rematou a obra colosal *ComPOPstela. Música moderna en Santiago (1954-1978)* (USC, 2021). E aínda

foi o pasado mes de xuño cando o prolífico **Marcos Gendre** presentou *Discoteca atlántica. 100 discos galegos (1970-2020)* (Galaxia, 2022), compilando un centenar de traballos discográficos que, ao seu xuízo, supuxeron un paso adiante. En *Abro comijazz* (Libros.com, 2021), o xornalista ourensán **Javier Fraiz** dedicou unha trintena de crónicas de concertos e entrevistas co xénero de base africana e nado en Nova Orleáns como protagonista, nunhas páxinas polas que asexan sobranceiros nomes galegos entre célebres lendas internacionais. Con todo, o libro máis extenso e ambicioso neste eido é *Unha historia da música en Galicia* (1952-2018) (Galaxia, 2019), de **Fernando Fernández Rego** —autor de senllas biografías sobre **Andrés do Barro** e **Suso Vaamonde**—, un amplo percorrido por case 70 anos que non despreza ningún xénero. En canto aos festivais a nivel estatal, a moi recente obra do coruñés **David Saavedra,** *Festivales de España* (Anaya Touring, 2022) é a biblia a ter en conta.



Contamos tamén con artistas que poden presumir de libros que tratan sobre eles individualmente. O máis recente é *Atlántico. El disco de la libertad de Xoel López* (Hércules, 2022), obra do xornalista coruñés **Javier Becerra.** Nel esmiúza en conciencia o primeiro —e incomprendido— disco do músico herculino en solitario. O reporteiro tamén asina o ensaio *La música no es lo más importante* (Libros.com, 2021), o libro infantil *¡Esto es pop!* (Mont Ventoux, 2019) e a biografía *Los Eskizos: Electricidad a contracorriente* (Díscolas, 2015). Hai outra figura do *indie* galego que conta cun libro para el só, *Iván Ferreiro: 30 canciones para el tiempo y la distancia* (Efe Eme, 2018), de **Arancha Moreno.** En *Magín Blanco. O camiño da luz* (Embora, 2019) **Carlos Rego** retratou un dos nosos músicos máis salientables no eido infantil. **Xavier Valiño** fixo o propio en *Escenas olvidadas: la historia oral de Golpes Bajos* (Efe Eme, 2018). Como tamén **Fernando Neira,** co libro-disco *Berrogüetto. O pulso da terra* (Galaxia, 2011). **Siniestro Total** xa é historia, e o estilo lerchán do fundador **Julián Hernández** serve para repasar as versións que fixo banda viguesa, recollidas e explicadas en *Folla con él* (Trama, 2022).

CODA: BIBLIOGRAFÍA ADICIONAL

50 anos de pop, rock e malditismo na música galega, **Fernando Fernández Rego** (Toxosoutos, 2010)

Antón Reixa. Ghicho distinto, **Manuel Xestoso** e **X. Cid Cabido** (Xerais, 2012)

As gravacións da música galega (1975-2000), **Xaime Estévez Vila** (Tris-Tram, 2008)

Cancións, **Xela Arias** e **Desertores** (ed. Xerais, 2021) (inclúe CD)

Concha do Canizo. Este pandeiro que toco..., **Xulia Feixoo** (Inquedanzas Sonoras, 2021) (inclúe CD)

Diabolus in musica. Conversas con Rogelio Groba, **Manrique Fernández** (Galaxia, 2011) (inclúe CD)

Heredeiros da Crus: Cuadrilla de Pepa a Loba, **Antonio Díaz Ageitos** (Xerais, 2018)

Historia da Música en Galicia, **Lorena López** (Ouvirmos, 2013) (inclúe CD)

La hermandad de los celtas, **Carlos Núñez** (Espasa, 2018)

Los Suaves. Mi casa es el rock 'n' roll, **Javier Domínguez** e **Adrián Morgade** (Extramuros, 2014)

Mamá, quiero ser DJ, **Eme DJ** (Léeme, 2015)

Milladoiro. Moito máis que un grupo de música folk, **Xoán Manuel Estévez** (Ir Indo, 1999)

O libro da música, VV.AA. (Galaxia, 2021)

Pasaba por alí. E quedei un intre, **Xoán Rubia** (Galaxia, 2021)

Rock Bravú. A paixón que queima o peito, **Xavier Valiño** (Xerais, 2005)

Tremendo delirio. Conversaciones con Julián Hernández y biografía de Siniestro Total, **Kike Turrón** e **Kike Babas** (SGAE, 2002)

DE MAIO A SETEMBRO
TERRACEO FEST
Auditorio Mar de Vigo

Terceira temporada en que a terraza do Mar de Vigo se enche de música e ledicia. Por ese escenario coa vista das illas Cíes e a postal dun solpor espectacular, cítanse artistas como **Anni B Sweet, Familia Caamagno, Delafé y las Flores Azules, Lila Downs** ou **Salvador Sobral** con **Abe Rábade.**

Foto: Adrián YR

Delafé y las Flores Azules

DO 7 AO 10 DE XULLO
VIGO SEAFEST FESTIVAL - ARVI DO PEIXE
Xardíns de Elduayen

Tras unha paréntese de anos, volve o gran festival de musica e gastronomía que sabe a mar. Petiscos de restaurantes locais acompañados dunha programación musical feita para bailar: **Big Menu, Caamaño&Ameixeiras, Desiree Diouf, Ghastas Pista** ou **Koko Jean & The Tonics.**

Foto: AIGI BOGA

Caamaño&Ameixeiras

DO 8 AO 10 DE XULLO
THE WILD
Parque Forestal de San Miguel de Oia

Natureza, cine, deporte e mercado son as catro patas dun evento que non para de medrar de xeito tan considerable como sostible, cun cartel que este ano ten nomes como **A Roda, Blues do País, Corizonas, Wondercovers** ou **Wöyza & The Galician Messengers.**

Foto: Javier Iglesias / O Son do Camiño

Wöyza & The Galician Messengers

DO 15 AO 17 DE XULLO
ATLANTIC FEST
Praia da Concha, Vilagarcía de Arousa

Coñecido pola comodidade e o ambiente familiar que ofrece, o festival arousán conforma un cartel con artistas de primeiro nivel do ámbito hispano como **Andrés Calamaro, Fangoria, Izal, Quique González** ou **Los Planetas,** sen esquecer o sabor propio de bandas como **Momboi.**

Foto: Eric Pamies

Los Planetas

DO 15 AO 17 DE XULLO
VIVE NIGRÁN
Campo de fútbol de Montelourido, Nigrán

O *picnic pop festival* do Val Miñor presenta un cartel cunha mestura especial para un público diverso, do clásico ao independente, pasando polo máis bailable: **Colectivo Da Silva, Cool Nenas, Iván Ferreiro, La Bien Querida, Rigoberta Bandini** ou **Miguel Ríos** con **The Black Betty Trio.**

Foto: Carlota Figueras

Miguel Ríos con The Black Betty Trio

DO 22 AO 24 DE XULLO
FESTIVAL SINSAL
Illa de San Simón

O cartel secreto non impide que este evento esgote os abonos en cousa de poucas horas. Obradoiros na natureza, actividades acuáticas, gastronomía e un espazo único completan un festival diferente.

Foto: Pablo Vázquez

Illa de San Simón

DO 4 AO 6 DE AGOSTO
SONRÍAS BAIXAS
Bueu

Mestizaxe e moita festa con acampada a pé de praia é o que nos ofrece o festival do Morrazo, cunha programación musical de moitos quilates cos nomes de **Bala, Delaporte, Kase.O, La MODA** ou **Tanxugueiras.**

Foto: Pablo Vázquez

Bala

19 E 20 DE AGOSTO
LATITUDES
Peirao de Transatlánticos

Chegan boas novas desde alta mar cun novo festival que chega a bo porto co desembarco de grandes artistas internacionais: **Iggy Pop, Mando Diao, The Vaccines, Two Door Cinema Club** e **Mando Diao.** Para lles dar a benvida, contamos con representación galega: **Aphonnic, Bala, Furious Monkey House** e **Zâlomon Grass.**

Foto: Antoine Véling

Iggy Pop

DO 26 AO 28 DE AGOSTO
ARMADIÑA ROCK
Combarro

A personalidade propia do *punk rock* e da música de noso nunha das vilas máis bonitas do país, con algúns dos artistas que nos fan vibrar sempre que actúan: **Desakato, La Quinkillada, Rebeliom do Inframundo, O Cadelo Lunático** ou **Sheila Patricia.**

Foto: Jaume Estrada

Desakato

DO 31 AGOSTO AO 4 DE SETEMBRO
BARBEIRA SEASON FEST
Baiona

Ampliando días, calidade e propostas, estamos ante a edición máis ambiciosa do festival baionés. Baixo a dirección artística de **Pablo Novoa,** atopamos nomes tan atractivos como **Carolina Durante, Depedro, León Benavente, Maika Makovski** ou **Zahara.**

Foto: Pablo Vázquez

Zahara

DO 9 AO 10 DE SETEMBRO
PÍCNIC SESIÓNS
Saiáns

Nova proposta festivaleira ao xeito dunha romaría tradicional, con actividades para a rapazada, comida galega, artistas da terra, como **Moon Cresta, Family Folks, The Soul Jacket, High Paw, Bifannah** e **Caldo,** sesións de DJ… e mesmo un certame de pintura ao aire libre!

Foto: Denis Carballás

The Soul Jacket

24 DE SETEMBRO
COSTEIRA SONORA
Pazo de Toubes, Riobó

Acto de clausura do verán con gastronomía e viño, nun espazo patrimonial do século XVIII rehabilitado por Viña Costeira, e moita música: **Capricornio Uno, Indomable, Isaac Pedrouzo, La La Love You, Laura Lamontagne & PicoAmperio** e **Los Vinagres.**

Foto: Pablo Vázquez

Laura Lamontagne

SOÑO DE NAVEGANTE

Colección de Arte Cubano Contemporáneo
Luciano Méndez Sánchez

16 XUÑ - 29 OUT
Sede Afundación Vigo

Ayuntamiento de Salamanca
Salamanca Ciudad de Cultura y Saberes
Colección Luciano Méndez Sánchez
Arte Cubano Contemporáneo
Xacobeo 21·22
//Afundación
Obra Social ABANCA

RUFUS WAINWRIGHT
Teatro Afundación

FAT FREDDY'S DROP
Auditorio Mar de Vigo

AGNES OBEL
Teatro Afundación

JOAN MANUEL SERRAT
Auditorio de Castrelos

LEON BRIDGES + KIRBY
Auditorio Mar de Vigo

SEBASTIÁN YATRA
Auditorio de Castrelos

BRYAN ADAMS
Complexo Deportivo das Travesas

XUL 1 **2** 3 4 5 **6** **7** 8 9 **10** 11 12 **13** **14** **15** 16 **17** →

TOS UN VERÁN DE CONCERTOS UN VERÁN DE

→ **4** 5 **6** 7 **8** **9** 10 **11** 12 13 **14** 15 **16** **17** 18 19 20 →

LEIVA
Auditorio de Castrelos

STING
Auditorio de Castrelos

LOLA ÍNDIGO
Auditorio de Castrelos

TEXAS
Auditorio Mar de Vigo

HIJOS DE LA RUINA + WOYZA ♯ THE GALICIAN MESSENGERS
Auditorio de Castrelos

HOMBRES G
Auditorio de Castrelos

RAPHAEL
Auditorio de Castrelos

DANI MARTÍN
Auditorio de Castrelos



CORAL CASABLANCA
Auditorio de Castrelos

STEVE VAI
Auditorio Mar de Vigo

YANN TIERSEN
Auditorio Mar de Vigo

LOVE OF LESBIAN
Auditorio de Castrelos

TANXUGUEIRAS
Auditorio de Castrelos

18 19 20 21 **22** 23 24 25 26 27 28 **29** **30** 31 **AGO** 1 2 3

CONCERTOS UN VERÁN DE CONCERTOS UN V

21 22 **23** 24 25 **26** **27** 28 29 30 31 **SET** **8** **9** **18** **22**

FESTIVAL DE MÚSICA URBANA
Peirao de Transatlánticos

CIMAFUNK
Auditorio Mar de Vigo

C. TANGANA
Peirao de Transatlánticos

MAYUMANÁ
Auditorio Mar de Vigo

VIVENCIA SOLPOR: DORIAN
Auditorio Mar de Vigo

MUSE
Estadio de Balaídos

MICHAEL KIWANUKA
Auditorio Mar de Vigo

Ilustracions: Pablo Vázquez

LOCAIS RECOMENDADOS

1. **A MORADA / OUTRO CONTO** *Enrique Macías, 6*
2. **A TAPA DO BARRIL** *López Mora, 63 e Porta do Sol, 4*
3. **ALBATROS** *Peirao de Transatlánticos, s/n*
4. **ALTA FIDELIDAD** *Praza da Constitución, 12*
5. **AREPAS DA RÍA** *Martín Echegaray, 22*
6. **ÁRTIKA** *Beiramar, 113*
7. **BARUTA** *García Barbón, 37*
8. **DOPPLER, SALA** *Martín Códax, 21*
9. **EL MONO VINTAGE BAR** *Velázquez Moreno, 37*
10. **EL TRIGAL, PANADERÍA** *Alexandre Bóveda, 1 e **A Sede do Celta:** Príncipe, 44*
11. **FLAMINGOS VINTAGE KILO** *Doutor Cadaval, 21*
12. **ÍCARO, PUB** *Pintor Colmeiro, 3*
13. **LA TITA RIVERA** *Praza de Compostela, 17*
14. **LE MARCHÉ DE RACHEL** *Marqués de Valadares, 22*
15. **LIBROURO** *Eduardo Iglesias, 12*
16. **MÁIS PALÁ** *Manuel Núñez, 18*
17. **MAPIS** *Rúa de Pizarro, 47*
18. **MERCADO DE TEIS** *Toural de Abaixo, s/n*
19. **MOLOTOV** *Santiago de Vigo, 1*
20. **NIKIS GALICIA STYLE** *Praza da Pedra, 5 e Porta do Sol, 8*
21. **NÓS - CERVEXERÍA** *Palma, 3 e Fisterra, 1*
22. **PRIMAVERA, BAR** *Ronda de Don Bosco, 17*
23. **RATALOKA TATTOO** *Camelias, 22*
24. **ROUGE** *Pontevedra, 4*
25. **SALA KOMINSKY** *Irmandiños, 3*
26. **SARA GARCÍA PELUQART** *Couto Piñeiro, 2*
27. **SAVIA YOGA** *Bolivia, 20*
28. **SR. NILSSON** *Triunfo, 2*
29. **TEATRO ENSALLE** *Chile, 15*
30. **THE MONK PUB** *Uruguai, 28*
31. **VITRUVIA** *Praza de Compostela, 5*
32. **VITTER, BAR DE COCKTAILS** *Afonso XIII, 32*
33. **WOODTOWN** *Camelias, 20*

CALIDADE DE AUTOR

TEXTO: PAULA CERMEÑO

Ferrán Adriá afirmou que a cociña é o novo *rock and roll;* como mesías da nova onda de estelares cociñeiros que é o *chef* catalán, algo debe de saber. Cada vez coñecemos máis os nomes de quen está ao mando dos fogóns; as caras dos cociñeiros ocupan os lugares das revistas antes exclusivos dos cantantes e as propostas, cada vez máis innovadoras, son acotío comparadas con outras expresións artísticas, facendo real o que foi unha forma de falar: a arte culinaria. Podemos citar nomes internacionais da alta cociña, pero quen está ao mando da gastronomía propia? Coñecemos dúas novas propostas con selo de autor.

CRUDEZA, AUTORÍA EN CRU

Botábase en falta por estes lares un lugar de referencia para poder degustar un bo cebiche, un sitio especializado neste prato típico da costa pacífica de América do Sur, que ten o peixe mariñado como ingrediente principal. Aos fogóns encontramos a **Óscar Gutiérrez,** que a primeiros de ano abriu este local de decoración moderna e elegante canda o seu socio e cuñado, **Andrés Rodríguez,** dispostos a nos achegar o sabor da súa Venezuela natal. Tamén se nos presentan en cru o *tartare* de salmón e o de vaca, as sardiñas afumadas ou o *crudito,* unha suxestión que cambia a diario. Tamén hai pratos cociñados, como as carnes ibéricas, as alcachofas confeitadas ou os lagostinos crocantes. Con todo, Gutiérrez non esconde a alegría pola boa aceptación que está a ter o cebiche, que considera a esencia dunha carta curta e coidada, variada e a un prezo accesible. E é que, como expresa o propio *chef,* nada peor que ir a un restaurante e quedar con fame. Aquí non hai miramentos superfluos e os esforzos céntranse en conseguir boa materia prima á que lle sacar o máximo partido, segundo resume o cociñeiro, trátase de facer alta cociña nun restaurante ao que poder acudir cada semana sentíndose en familia.

Rúa da Ronda de Don Bosco, 20 | 692 16 45 67
crudeza.restaurante | *Consultar horario*

LA MESA DE CONUS, AUTORÍA EN DIRECTO

Estamos ante unha proposta insólita; unha mestura entre cociña e espectáculo coa que **Víctor Conus** elabora un menú en directo para unha ducia de persoas sentadas nunha barra en torno aos fogóns, proximidade que supón unha experiencia nova para o comensal e que o *chef* defende como «a cociña do presente e o futuro». Parte da graza está na sorpresa, pois non sabemos cal vai ser o menú, que cambia semanalmente, nin con quen tocará compartir mesa de xeito familiar. Mesmo a elección do viño pode ser

un xogo en que o cociñeiro non desvela a botella ata o último momento. O menú é secreto, pero con certas constantes: produto de proximidade e de temporada. No verán, será habitual degustar pratos con bonito, xarda e tomates da horta que o cociñeiro ten en Nigrán, na que tamén recolecta os legumes que sirve. «Cociñarei seguro con fabas frescas», adiántanos para estas semanas de verán, que prefire non dar máis pistas sobre o contido dos próximos menús. Así e todo, coñecemos algúns dos entrantes: croquetas de xamón ibérico de landra da marca Doña Lola, na edición especial limitada «La Consentida»; un produto elaborado por seu pai entre Estremadura e Huelva, bautizado en honor á filla do *chef*. O único xeito de desfrutar desta experiencia gastronómica é reservando con antelación e sendo moi puntuais, para sentar á mesa canda o resto de comensais.

Rúa de San Roque, 3 | 698 17 48 73
la_mesa_de_conus | *Consultar horario*

ESTELA GÓMEZ
Correctora literaria
e redactora de contidos

MUDAR A PEL

Os irmáns **Cecilia** e **Santiago Paredes** tiveron claro desde o principio que apostar pola moda *vintage* e polas pezas realizadas con materiais reciclados e sostibles era o único modo de avogar por unha produción téxtil máis xusta. Por iso, entre o 2010 e o 2014, ela rexentou en Pontevedra a tenda denominada La Casa Winchester, na que ambos os dous irmáns comezaron a plasmar referencias estéticas marcadas polo *punk* na roupa de segunda man que vendían. Esta inquedanza foi evolucionando ata que, en 2018, acabou por se converter en **CULEBRA STUDIO,** unha marca de roupa e de pezas novas feitas a partir de materiais ecolóxicos. Camisetas, suadoiros ou *tote bags,* pezas orixinais e únicas, ilustradas con deseños propios moi próximos ao graffiti e ao *grunge,* que loitan por despuntar nun mercado rexido polas imposicións das grandes firmas e as áreas comerciais masivas.

Tras Culebra Studio tamén están **Ras,** que se encarga canda o dueto fraternal das áreas de xestión e deseño, e mais **Lúa Sálamo** e **Belén Veleiro,** que levan a sección de serigrafía. Dentro deste estudio con nome de cóbrega atopamos coleccións como «Y2K18 Favela», a máis ambiciosa ata o momento a nivel de calidade téxtil, porque todas as pezas están feitas con materiais orgánicos e reciclados; a colección é un reflexo da madurez creativa do estudio, xa que é un repaso a todas as influencias que moveron este proxecto desde que botaron a andar a primeira liña de produción hai catro anos. Tamén atopamos «Culebra Vintage Shop», unha continuación máis fresca, renovada e sólida da extinta Casa Winchester. A mudanza cara a un armario sostible ten moito que ver coa muda da pel das serpes, quedando claro o sentido do nome da marca.

Culebra Studio busca na actualidade un local co que abrir unha tenda en Vigo. Entre mentres, podemos visitar o que teñen en Pontevedra (rúa de San Antoniño, 4, baixo), no que conviven deseños propios e roupa *retro;* e tamén os podemos visitar en Internet a través da web culebrastudio.com. Ademais, desde finais de primavera e durante o verán adoitan estar presentes en feiras e tamén en festivais, coma as recentes edicións de Loro Facu, PortAmérica, Surfing the Lérez. Non che parece que a temporada estival é un bo momento para se renovar, empezar de cero ou, en definitiva, mudar a pel? Pois faino coa máis xenuína roupa *vintage* e cos deseños e a de Culebra Studio!

ESCOGER ES EL MEJOR REGALO

Puedes usarla en todas las **TIENDAS**, **RESTAURANTES** y **CINES.**
Puedes comprarla en Vialia o en nuestra web.

vialia
ESTACIÓN DE VIGO

*La GiftCard es una tarjeta prepagada que utiliza el circuito MasterCard. Se puede usar exclusivamente en las tiendas del CC Vialia Estación de Vigo (Validez 12 meses / Saldo variable, a elección del cliente / No es recargable / Coste de activación 3€).

XURXO MARTÍNEZ GONZÁLEZ
Historiador

O HOME DETRÁS DA PLACA

«Juan Compañel» é o nome aparafusado ás portas da Biblioteca Pública de Vigo, nunha placa de talle grande e metal lumínico que non pasa desapercibida. A harmonía desafina sobre unhas pilastras tronzadas na vista. O vento xira na esquina e os ollos fúganse polo Arco de Quirós. Se cadra, non estaba de máis engadir unha información máis concisa; a suficiente para xustificar o privilexio de que ese nome denomine o noso templo central da literatura.

Foto: Fondo da familia de Alejandro Chao Fernández

En abril deste mesmo ano descubriuse unha foto que, por vez primeira, lle puxo rostro. Pensamos que é o momento propicio para que a biblioteca central da nosa cidade coloque nun lugar destacado este retrato. Con el, unha breve información que sexa resumo do estudo pendurado na web. Porque este nome é o do impresor e editor máis importante do Rexurdimento. Tal proeza lograrouna desde a rúa Real de Vigo. Mais nacer, naceu en Compostela, nunha estirpe de libreiros e impresores.

O noso protagonista iniciou vida laboral aos 15 anos, a carón da nai e de seu irmán **Joaquín.** Deixou os estudos para se dedicar a este mundo de papel e tinta. O destino levouno a Madrid onde, sob protección de **Eduardo Chao,** se encargou dunha imprenta. Dela sairía prensa do emerxente líder republicano **Francesc Pi i Margall** ou un sonorísimo periódico como *El Eco de la Clase Obrera.* En 1855, os progresistas de Vigo chamaron por el. Comezou aquí unha prolífica vida sociopolítica e cultural. Miliciano, accionista-fundador da fábrica de papel La Cristina, á beira do río Lagares, en terras de Lavadores ou do Banco de Vigo canda **Manuel Bárcena.** Tamén foi socio fundador de recreos artísticos, impresor das primeiras obras de **Rosalía de Castro,** de **Manuel Murguía,** xornalista, editor…

O golpe militar contra a I República Española provocou o exilio do editor a Cuba, onde continuaría coa vocación amadora das letras. Morreu na vila cubana de Santa Catalina.

Un servidor desexaría, ao pasear un día polo corazón de Vigo, atopar un descendente desta familia que trouxese multitude de escritos, libros e xornais, perdidos nos rousos do pasado. Entón o vento asubiaría unha alborada arrentes do fermoso edificio onde estaba a placa de «Almacenes Ferro», xusto no mesmo lugar onde hoxe figura o nome de **Juan Compañel.**

MÚSICA AO VIVO

SALA KOMINSKY

Rúa dos Irmandiños, 3

PELAZO
1 de xullo, venres // 22:00 h // 8,00 € / 12,00 €

KEAX +SR. TARZÁN
2 de xullo, sábado // 21:30 h // 5,00 €

SWING ON THE SEA -FESTA DE CLAUSURA-
3 de xullo, domingo // 00:30 h // gratis

SACOGA X MARKN
8 de xullo, venres // 21:30 h // 3,00 €

ABRIGO
9 de xullo, sábado // 22:00 h // 3,00 €

IMPLOSIÓN
16 de xullo, sábado // 22:00 h // 5,00 €

LAMPREA EXPLOSIVA
22 de xullo, venres // 21:30 h // + info por confirmar

MOLOTOV

Travesía de Santiago de Vigo, 1

HARDCORE PUNK'S NOT DEAD: SIDESTEP + OUTSTAND +FRACTURA
8 de xullo, venres // 21:30, 00:00 e 02:00 h // 3,00 € (inclúe consumición) a partir das 2:00 (antes gratis)

SWING ON +INVITADO ESPECIAL
23 de xullo, sábado // 22:00 h // + info por confirmar

SALA REBULLÓN

Av. do Rebullón, 23. Tameiga, Mos

• Solpores na Rebullón (terraza da sala)

KINGS OF THE BEACH +LAMPREA EXPLOSIVA
7 de xullo, xoves // 21:00 h // billeteira inversa

ZÅLOMON GRASS
14 de xullo, xoves // 21:00 h // billeteira inversa

KARMA ANIMAL
21 de xullo, xoves // 21:00 h // billeteira inversa

DIENTES +GIUSSEPE
28 de xullo, xoves // 21:00 h // billeteira inversa

FROJÁN
4 de agosto, xoves // 21:00 h // billeteira inversa

SUSTANCIADOS
11 de agosto, xoves // 21:00 h // billeteira inversa

OS JOHN DEERES
25 de agosto, xoves // 21:00 h // billeteira inversa

• Festival metaleiro

SEMBLANT +STRIKER
17 de xullo, domingo // 19:30 h // 20,00 € /25,00 €



DESAKATO
TREMENDA JAURÍA
REINCIDENTES
REBELIOM DO INFRAMUNDO
SOFÍA GABANNA
MJ PÉREZ + BANDA
LA QUINKILLADA
SHEILA PATRICIA
LOUBAND STREET BAND
LLEGAMOS TARDE DJ SET
FONDO NORTE
O CADELO LUNÁTICO
A BANDA DO PATIO
PANDEIRETAS DE RONSEL
PANDEIRETAS DE ARMADIÑA

ORGANIZA: ARMADIÑA · CO APOIO DE: CONCELLO DE POIO, Combarro, DEPUTACIÓN PONTEVEDRA · XUNTA DE GALICIA, Xacobeo 21-22, galicia · PATROCINAN: Estrella Galicia, FABULOSA

festival.armadinha.gal · armadinha.rock@armadinha.gal · ArmadinhaRock · ArmadinhaRock · armadinha.rock

Un estío diferente

TEXTO: PAULA CERMEÑO

POR MOITO QUE O CALENDARIO diga que chegou o verán, na nosa latitude o bo tempo non está garantido. Con todo, hai empresas que nos ofrecen plans divertidos fóra da rutina de praia e cervexas, para levarmos un recordo diferente desta temporada. Collamos o traxe de baño e a chaqueta e tomemos nota.



RANDE TURISMO, EXPERIENCIA MARIÑEIRA

Coñecer as artes de pesca a bordo dun antigo barco bateeiro. Esta é a proposta desta empresa de turismo mariñeiro que combina o lecer coa divulgación da cultura tradicional da nosa ría. Para tal cometido, restauráronse dúas embarcacións tradicionais en desuso e, na compaña dun profesional do mar e un guía, ofrécense tres saídas diarias desde o Náutico de Vigo (ás 12:00, ás 17:00 e ás 20:00 h), con parada nas bateas, explicación sobre artes de pesca e degustación de bivalvos. Para quen busque un plan máis particular en eventos e saídas privadas, a empresa dispón da frota comandada por un patrón, para nos sentir mariñeiros.

Rúa de Colón, 37, 2.º
644 14 68 05 | randeturismo.com
info@randeturismo.com
RANDE Turismo
rande_turismo

LAGARETA BY AURORA, UN ESPAZO DE SABOR

Unha cociña aberta a calquera hora para tomar vermú, uns petiscos entre amigos, un arroz con rape e langostino, unha hamburguesa, cea informal… as opcións son moi amplas, e sempre adaptables ás esixencias de celíacos, vexetarianos ou veganos. Aquí a comida é moi importante, pero o principal atractivo é outro; búscase fuxir do concepto de restaurante ao uso para ser nun espazo de pracer para os sentidos, empezando polas magníficas vistas ao océano, con solpores que se poden gozar desde as tres terrazas e os xardíns. Este verán o local abre a posibilidade de utilizar a piscina durante toda a tarde ou de alugala para aniversarios e outros eventos, a prol dun verán moi refrescante.

Estrada de Camposancos, 347
627 48 50 78
Lagareta | lagareta_by



MAR DE ONS, NAVIEIRA DÍA E NOITE

Un dos destinos turísticos máis cobizados de Galicia son as Illas Cíes. Máis aló de desfrutar das fermosas praias, as bondades do arquipélago chegan ao ceo. E é que este espazo posúe excelentes calidades para a observación de estrelas. É por iso que a Naviera Mar de Ons organiza as «Experiencias Starlight», viaxes nocturnas únicas da man dun guía astrónomo co que coñecer o mundo das estrelas, o noso satélite, o paso de cometas, eclipses de sol e lúa ou incluso chuvias de estrelas. Unha alternativa de lecer en que o firmamento é o protagonista. Tamén é posible vivir eventos privados a bordo, experiencias exclusivas nas que a gastronomía ocupa un papel principal. Plans nos que as Illas Cíes volven ser o escenario perfecto.

Rúa de Cánovas del Castillo, 26
986 22 52 72 | mardeons.com
info@mardeons.com
Mar de Ons | mardeons

DEILÁN PRAIA, SOLPORES AO VIVO

Ademais do encanto da brisa e as caipiriñas, o *chiringuito* de Vilaboa ofrece boa programación musical todas as semanas. Solpores dignos de calquera postal.

Rúa da Barciela, 95
(Santa Cristina de Cobres, Vilaboa)
deilanpraia@gmail.com
Deilán Praia | deilanpraia

MVICO, EN BOA FORMA

Percorrer as praias, o centro urbano, ou mesmo o Camiño de Santiago, son algunhas das propostas deste servizo de alugueiro de bicicletas.

Pazo Los Escudos.
Av. da Atlántida, 106 | 606 98 86 03
mvico.es | info@mvico.es
mvico.experience

OUTRAS MOVIDAS

DO 1 DE XULLO AO 19 DE AGOSTO, TODOS OS VENRES
CURIOSIDADES SOLITA
VILLA SOLITA

Nas sextas feiras, a quinta rehabilitada de Alcabre vólvese converter en espazo de encontro artístico con música ao vivo, observación astronómica e presentacións literarias, con **Denis Carballás, Dioivo, Lar de Lúa,** Red **Cheeks Quartet** ou **West Ride** entre outros nomes convidados.

ÁS 21:00 H // GRATIS

DO MARTES 5 AO SÁBADO 9 DE XULLO
VIGO JAZZ-CLASS
PRAZA DE COMPOSTELA

O café Vitruvia organiza a segunda edición deste festival internacional de música clásica e *jazz,* para desfrutar ao aire libre nestas noites de verán cun plan marabilloso: **Vigo Ensemble** (martes); **Sant Andreu Jazz Band** e **Imagine Jazz Orchestra** (mércores); **Atlantic Bridge Jazz Project** (xoves); **Rosa Biveiniene** e **Arabel Moráguez** (venres); **Orquesta 430** (sábado).

ÁS 20:00 H // GRATIS

DO 7 DE XULLO AO 15 DE SETEMBRO
CICLO SALES
FUNDACIÓN SALES

O xardín botánico situado na avenida de Europa acolle nove xornadas repletas de música nas que gozar de varias actuacións nunha paraxe idílica: **Paulo Pascual** e **Siricaia** (7 de xullo); **Límitice Colectivo** e **Corpo Colectivo Transfronterizo** (17 de xullo); **Dani Rivera** e **Pólvora** (21 xullo); **Elba** e **DJ La Plata** (4 de agosto); presentación do libro *Son da cidade,* **Paulo Pascual** e **Maldito Murphy** (18 de agosto); **Certain Music Records** (21 de agosto); **Allová** e **Treva** (1 de setembro); presentación do libro *Comando Igualdade,* **Najla Shami** e **Otra vez otra vez** (10 de setembro); **Stoned At Pompeii** e **Loiros** (15 de setembro).

VARIOS // 15,00 €

NA AXENDA DE AMOVIDA.GAL PODES CONSULTAR ESTES E OUTROS MOITOS EVENTOS DE VERÁN EN VIGO

DO 15 DE XULLO AO 30 DE OUTUBRO
SOCIEDADE XXI
CASA DAS ARTES

O fotógrafo documental e xestor cultural **Juan Teixeira** —amigo e colaborador desta revista—, reúne nesta mostra un ensaio fotográfico de 81 imaxes sacadas durante os últimos tres lustros, na arela de confeccionar un particular retrato social da sociedade destes tempos incertos.

DE LUNS A VENRES, DAS 18:00 ÁS 21:00 H; SÁBADOS, DAS 12:00 ÁS 14:00 E DAS 18:00 ÁS 21:00 H; DOMINGOS E FESTIVOS, DAS 12:00 ÁS 14:00 H // GRATIS

DELEITE LITERARIO

TENSI GESTEIRA

Xornalista
e crítica literaria

#PuroDeleite

REIVINDICAR AS TOCADORAS

Na tradición popular do noso país, as mulleres mantiveron viva a música de noso, os cantares, as coplas máis orixinais e con máis crítica social… Por que non son máis coñecidas? Sobre iso reflexiona **Xulia Feixoo** no con *Concha do Canizo.* Trátase dunha proposta xa empezada con outro libro, no que falaba de **Maruxa das Cortellas.** A autora preséntanos dúas mulleres que están consideradas como as últimas portadoras da extraordinaria tradición no manexo do pandeiro. Na obran mestúranse entrevistas, fotos de arquivo, análises de documentos, partituras… e inclúe un CD.

➜ **Título:** *Concha do Canizo. Este pandeiro que toco...* **Autora:** Xulia Feixoo **Editorial:** aCentralFolque **Extensión:** 123 páxinas

---



FELICIDADE FAMILIAR

A poeta que nos ensinou a amar o que somos, a querer a terra e a sentirmos orgullo dos nosos pais e avós, o que nos transmitiron a través da sabedoría do cotián. Despois de descubrir o poemario co que hai uns anos esta autora gañou o Premio Nacional de Poesía, *Feliz Idade,* a editorial Kalandraka reedita agora un libro anterior: os versos de *Cráter* son unha homenaxe á familia e a ese pobo que construíu a persoa que hoxe é **Olga Novo,** que arela abranguer todo o rural galego. Lonxe do que moitos queren, temos que reivindicar a Galicia profunda; quen somos, de onde vimos e a onde imos.

➜ **Título:** *Cráter* **Autora:** Olga Novo **Editorial:** Kalandraka **Extensión:** 204 páxinas

---

O FEMINISMO DUNHA AUTORA INESQUECIBLE

As sensacións máis universais talvez se reflictan no mar, mais somos conscientes de que só se pode intuír a profundidade que ten cando se vive ao preto, sentindo historias do vento mareiro. *Aquí comeza o mar,* é o evocador título da novela coa que **Blanca Riestra** se fixo co XL Premio Blanco Amor. Estamos perante unha declaración de amor ao mar que rodea a cidade da Coruña, pero tamén ás persoas que nos anos 80 soñaron cun futuro mellor, no que a cultura salvase o mundo. Facendo de tripas corazón, o libro defínese como unha mestura literaria entre a crónica xornalística, a poesía e aires de distopía.

➜ **Título:** *Aquí comeza o mar* **Autora:** Blanca Riestra **Editorial:** Galaxia **Extensión:** 242 páxinas

a Movidiña

«Os bos hábitos, cando se establecen,
son tan difíciles de romper coma os malos hábitos».
Robert Puller

LOURDES TOMÉ
Educadora infantil

RACHAR COA RUTINA?

Cando os infantes seguen rutinas, séntense seguros e tranquilos. A rutina proporciona un importante equilibrio emocional que inflúe positivamente na educación e na personalidade. Os costumes achegan grandes beneficios ao benestar anímico e psicolóxico dos mais cativos, polo que mantelos, mesmo nos períodos vacacionais, resulta beneficioso. Entón, como facer nestes meses en que o único que queremos é desconectar? As viaxes, os cambios de horario e demais circunstancias non nolo poñen tan doado. O mellor é facer unha táboa de rutinas. Pode ser diferente á do resto do ano; non temos por que facer a mesmas cousas, xa que os días son máis longos, deitámonos tarde, non madrugamos tanto... Pero hai hábitos que non cambian: vestirnos, almorzar, lavar os dentes... Se son os propios cativos os que elaboran esta táboa de rutinas para o verán, mellor aínda. Faremos unha tormenta de ideas para os meses de sol e plasmaremos as tarefas ordenadamente nunha folla de papel ou nunha cartolina, que poderemos adornar facendo unha colaxe con debuxos, fotos, recortes etc. E moito ollo: é imprescindible reservar tempo para xogar! A planificación permite prever cada día e contribúe a organizar ben o tempo. En contra do que se pensa, os pequerrechos desfrutan cos hábitos, séntense cómodos con eles e aprenden a ser máis respectuosos e responsables das súas propias condutas. Cando a táboa se empeza a aplicar, veremos como non é necesario estar todo o tempo pedindo axuda ou mandándolles facer o que deben, pois terán un plan de seu para ver o que toca no día a día da temporada estival.

axenda

SÁBADOS ASTRONÓMICOS

Actividade diversa de manexo de utensilios relacionados coa observación astronómica na terraza superior do Exotarium e na praza central do parque; se as condicións meteorolóxicas se presentasen adversas, trasladaríase ao auditorio da Madroa.

Data e hora: sábados de xullo e agosto, das 22:00 ás 00:00 h // **Lugar:** VigoZoo // **Prezo:** 6,00 € (xeral), gratis (menores de 3 anos) // **Idade recomendada:** todos os públicos // **Duración:** 120 minutos // **Inscrición:** chamando ao teléfono 986 26 77 83; de luns a venres das 10:30 ás 20:00 h (o período de cada reserva remata o xoves anterior á data acordada).

DOMINGOS A ESCAPE

Actividades de escapismo dirixidas a grupos de familia ou amigos que consisten na realización de dez probas, onde cada equipo deberá encontrar e resolver unha serie de incógnitas.

Data e hora: domingos de xullo e agosto, das 17:00 ás 19:00 h // **Lugar:** VigoZoo // **Prezo:** 2,00 € + esntrada (xeral), gratis (menores de 3 anos) // **Idade recomendada:** todos os públicos // **Duración:** 60 minutos // **Inscrición:** chamando ao teléfono 986 26 77 83; de luns a venres das 10:30 ás 20:00 h (o período de cada reserva remata o xoves anterior á data acordada).

THE WILD

O festival silvestre por excelencia da comarca nace para poñer en valor o patrimonio natural de noso. A través de actividades lúdicas, tanto deportivas como culturais, dáselle visibilidade á importancia de respectar e coidar o medio ambiente, con seccións deseñadas especialmente para a infancia.

Data e hora: 3, 9 e 10 de xullo // **Lugar:** Parque Forestal de San Miguel de Oia // **Prezo:** 1,00 € // **Idade recomendada:** todos os públicos // **Inscrición:** chamando ao teléfono 986 24 46 98.

– 3 de xullo (domingo): Xacobeo Wild Race. Prezo: 5,00 €

– 9 de xullo (sábado, a partir das 15:00 h): concerto de Peter Punk e Brais das Hortas, obradoiros de circo e pintura, escalada e sesión de maxia celta.

– 10 de xullo (domingo, a partir das 15:00 h): concerto de Cé Orquestra Pantasma, contacontos a cargo de Miguel Anxo Alonso Diz, obradoiros de pintura e escalada.

VIGO SEA FEST

Tras estes dous anos coa flota parada, volve largar amarras o festival máis marítimo dos nosos lares, coas redes cargadas de propostas para a cativada onde se pon de manifesto a importancia da industria pesqueira. A programación inclúe talleres científicos, de arte efémera, gastronómicos e de nutrición, de estampación e unha exposición de especies mariñas.

Data e hora: do 8 ao 10 de xullo // **Lugar:** Xardíns de Elduayen // **Prezo:** gratis // **Idade recomendada:** a partir dos 6 anos.

MARTES MUSICAIS NO PARQUE DE CASTRELOS

Catro representacións infantís que acolle o flamante auditorio ao aire libre da Quinta da Marquesa. Todos os espectáculos son de carácter gratuíto, e prográmanse en datas dos martes ás 20:00 h.

- ***Coco. Tributo musical*** (19 de xullo). La Barbarie Musical presenta un espectáculo baseado na coñecida historia da tradición mexicana do Día dos Mortos.
- ***O rei da sabana*** (26 de xullo). Volve a primeira adaptación ao galego do musical baseado no filme que asemade embebe de relatos shakesperianos e bíblicos, entre outras fontes de inspiración.
- ***Magic Dreams El musical*** (2 de agosto). Tributo ás cancións infantís presidida pola silueta do rato máis famoso do mundo como principal protagonista.
- ***I Love Rock & Roll*** (9 de agosto). O oso Rosendo explica para nenos e maiores páxinas da historia de grandes bandas internacionais como AC/DC, Guns N' Roses, Iron Maiden, Led Zeppelin, Metallica, Nirvana, Queen, The Beatles, The Ramones ou U2. Unha hora de rock en familia.

O MARISQUIÑO: FAMILY DAY

Convite para poder gozar dunha xornada en familia nalgún dos talleres que se desenvolven nos espazos do noso festival de arte urbana. Baloncesto 3x3, BMX, breakdance ou graffitis con pinturas Proa son algunhas das actividades que se ofertan.

Data e hora: 11 de agosto (xoves), das 10:00 ás 19:00 h // **Lugar:** Vigo Centro // **Prezo:** gratis // **Idade recomendada:** dos 5 aos 15 anos // **Inscrición:** a través da web omarisquino.com.

DESDE O REFUXIO

IRENE GARRIDO PATÓN
Experta en redes sociais

Maleza e lixo envolvían este canciño nunha leira abandonada. Cando era un cachorro, colocáronlle un colar de metal que, á medida que ía medrando, estrangulábao. Chegou ao refuxio atemorizado, pero grazas ao esforzo das voluntarias agora é un can fenomenal, con xeito para os nenos, que goza de pasear pola natureza e que vive sen medo. Un cadelo meigo que precisa un fogar que o acolla e descubrir a maxia da humanidade.

DRACO

Protectora de animais Aloia
692 87 19 84 | protectoraanimaisaloia@gmail.com
f protectoradeanimaisALOIA | aloiaprotectora

ESPAZO DE SAÚDE

Constantemente, os pequerrechos desenvolven capacidades a partir de interaccións co medio que os rodea. Se lles aportamos un ambiente de calidade, saudable e seguro, conseguiremos fortalecer as habilidades que teñen mentres que desfrutamos de cada etapa. Estas condicións téñense moi en conta no centro de estimulación infantil e prenatal de SPACENATUR, que xa ten programadas as actividades para o próximo curso escolar. A través de exercicios auditivos, táctiles, visuais e motores, neste centro poténciase o desenvolvemento físico, sensorial e mental de nenas e nenos. Aquí divídese o traballo en dúas grandes áreas de actividades: acuáticas e en seco.

No tocante á auga, lévanse a cabo diferentes programas de estimulación para meniños con idades comprendidas entre os catro meses e os seis anos, así como outros para mulleres embarazadas. A piscina está tratada con bromo e regulada a 32 graos Celisius, o que a volve totalmente terapéutica. Neste centro sanitario enténdese o medio acuático como un proceso educativo a todos os ámbitos, inclusive para rapaces con necesidades especiais; as sesións para nenas e nenos con TEA son moi beneficiosas. Os pequenos poden acudir na compaña dos seus proxenitores nestas clases instruídas por monitores cualificados. Pisando o chan, dispóñense numerosas actividades en seco, como as clases de inglés para todas as idades ou o espazo cultural de música e danza. A través destas ramas artísticas os rillotes aprenden, exprésanse e absorben todos os beneficios que estas disciplinas achegan estilos como a danza clásica ou a contemporánea, o hip-hop, a guitarra...

Tamén abre as portas en setembro a ludoteca, para compartir, socializar e aprender cos rapaces de ata 12 anos. Este servizo favorece a boa conciliación familiar. Nais, pais e titores poden deixar os cativos nesta estancia ou en calquera das outras actividades para, asemade, levar a cabo as súas propias en salas contiguas. O mesmo acontece se son varios os membros dunha unidade familiar os que acoden ao centro, pois cadaquén pode asistir á sesión correspondente simultaneamente. As posibilidades que ofrece este amplo coworking sanitario son infinitas.

Ademais aquí dispone de consultas externas para menores e adultos: fisioterapia, logopedia, medicina estética, nutrición, parteira, psicoloxía... En redes sociais anúncianse todos os obradoiros que se organizan, coma o de preparación ao parto, á lactancia e ao porte ou o de primeiros auxilios pediátricos. SpaceNatur nace, sen dúbida, para facer comunidade e facilitar a conciliación familiar, contribuíndo ao coidado persoal propio e ao dos nosos miúdos. Porque se non estamos ben, non podemos coidar ben.

SpaceNatur Coworking

Rúa de Nicaragua, 8 | 604 06 43 71
coworking_spacenatur

O ATLAS DAS NUBES

Boa parte do equipo do recordado centro infantil La Flauta Mágica está a piques de tocar o ceo. **Miriam** e **Silvia** non paran de traballar a reo para a apertura en setembro do centro de estimulación infantil e prenatal **NUBES BLANCAS.**

Abranguendo principalmente as etapas de embarazo, posparto e primeira infancia, a paixón que as educadoras senten pola infancia e pola música conflúe nas diferentes propostas que o inminente centro prepara para nais, pais e pequerrechos. Actividades acuáticas, educación maternal, educación musical temperá, iniciación ao piano, inglés, masaxes para bebés ou trastornos no desenvolvemento ou na conduta son algúns dos mais salientables. Organizaranse ademais con certa frecuencia charlas, cursos e obradoiros relacionados co mundo infantil. Máis de 15 anos de experiencia avalan ás devanditas profesionais. Un templo ao que acudir para chegar a desbloquear o potencial dos cativos, un atlas para que as capacidades e o talento cheguen tan alto como as nubes.

A matrícula para o próximo curso escolar xa está aberta e o formulario para inscribirse está dispoñible na web. Podemos solicitar mais información por teléfono ou correo electrónico. Para chegar ás nubes.

Rúa do Uruguai, 12 | 664 50 58 63
nubesblancas.es | info@nubesblancas.es
nubesblancasvigo

dani: A IDADE DA INOCENCIA

Sendo filla, sobriña e curmá de músicos, era moi difícil que Daniela Costas non se dedicase a isto. Rosa e Silvino, os seus pais, gozaron do seu momento de gloria nos anos oitenta con Aerolíneas Federales, onde tamén tocaba o seu tío Miguel. Agora é a súa quenda, e semella que os vinte deste milenio serán a súa década. Baixo o apelido artístico de DiCostas, Daniela participou en 2018 no concurso televisivo Factor X. Malia chegar bastante lonxe grazas á dozura da súa voz, eliminárona antes de chegar á fase final. A nova artista decidiu mirar o lado positivo desta experiencia («Saín en prime time e cantei o que quixen», comentou para o diario El País) e prepararse para unha nova etapa.

Un ano despois, decidiu romper co pasado e empezar desde cero: Naceu dani [...]. En 2020, como non, publicou o álbum debut, Veinte, producido por Aaron Rux, músico experimentado que acompaña a Joe Crepúsculo en directo e no estudio.



EDITORIAL GALAXIA

Este fragmento pertence ao libro Son da Cidade (Galaxia, 2022), escrito por Pablo Vázquez e ilustrado por Denis Carballás. Escanea o código QR e consigue un exemplar!

ILLA DE TORALLA. ODISEA DO MAÑÁ

ANXO GUIANCES
anxogr

Universidade Vigo

III EDICIÓN

COSTEIRA SONORA

SÁBADO 24
SETEMBRO

PAZO
DE TOUBES

LA LA LOVE YOU
LOS VINAGRES
CAPRICORNIO UNO
LAURA LAMONTAGNE
Y PICOAMPERIO
INDOMABLE
ISAAC PEDROUZO

MÚSICA ENTRE VIÑEDOS

+INFO COSTEIRA.ES

BUS DENDE
OURENSE E RIBADAVIA

ENTRADAS
XA A VENDA
-
35€